

12 de febreiro 2022



**UNIDADE INTERDISCIPLINARIA
TRASTORNOS DE CONDUCTA ALIMENTARIA
HOSPITAL NIÑO JESÚS**

CONSUELO PEDRÓN GINER

FRANCISCA GONZÁLEZ GONZÁLEZ

BEATRIZ SANZ HERRERO

EGAP (Santiago de Compostela)

CONTEXTUALIZACIÓN

As dificultades da alimentación na primeira infancia son moi frecuentes. Ocorren tanto en crianzas sans como enfermas e a miúdo son problemas menores ou apreciacións equivocadas das familias que deben ser correctamente interpretadas e reconducidas. Soen ser motivo de preocupación para as familias e se non son atendidas oportunamente, ignorándoas o minusvalorándoas polo persoal sanitario, chegan a ocasionar trastornos que se perpetúan no tempo e dan lugar a múltiples consultas a distintos niveis do sistema sanitario.

A alimentación é un proceso complexo no que as habilidades motrices, sensoriais e de interacción psicolóxica maduran coordinadamente influíndose unhas a outras. Existen certos datos de alarma que nos poden facer sospeitar a existencia dalgún problema. A súa detección temperá pode evitar tanto os problemas orgánicos que poden dar lugar nas crianzas (desnutrición, déficits cognitivos tardíos, retraso no diagnóstico de certas alteracións do desenvolvemento), como a experiencia de angustia e frustración nas familias.

A realización deste curso obedece á necesidade de actualizar os coñecementos sobre as dificultades da alimentación nun contexto multidisciplinar con especial fincapé nos datos que se presentan precozmente e nos poden permitir actuar de forma temperá.

O curso baséase na exposición teórica acompañada de casos prácticos, coa participación do auditorio na discusión de temas e a presentación de viñetas clínicas.

UNIDADE INTERDISCIPLINARIA DE TRASTORNOS DE CONDUCTA ALIMENTARIA DEL NIÑO PEQUEÑO – HOSPITAL NIÑO JESÚS - MADRID

Dra. CONSUELO PEDRÓN GINER

Licenciada en Medicina e Cirurxía. Universidade de Valencia, 1969-75. Doutora en Medicina e Cirurxía. Facultade de Medicina. Universidade Autónoma Madrid, 17 Dic 1996. Especialista en Pediatría. Ministerio de Universidades e Investigación. Dic 1979. MIR Hospital La Paz. 1977-80. Acreditación de especialista en Gastroenteroloxía, Hepatoloxía e Nutrición Pediátrica e en Errores Innatos do Metabolismo. Asociación Española de Pediatría. Acreditación ANECA: Profesor Axudante Doutor, Profesor Contratado Doutor e Profesor de Universidade Privada, Abril 2013. Médico Adxunto, Sección de Gastroenteroloxía e Nutrición, Hospital Infantil Universitario Niño Jesús. Coordinadora da “Unidad Interdisciplinar de Trastornos de Conducta Alimentaria del Niño Pequeño”.

FRANCISCA GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Diplomada en Profesorado de EGB. Diplomada en Logopedia. Logopeda especialista en Atención Temperá e dificultades de Alimentación. Amplia experiencia profesional no ámbito público: Equipo Atención Temperá “Maternidad de Santa Cristina”. Integrante da “Unidad Multidisciplinar de Trastornos de Conducta de Alimentación del Niño Pequeño” desde 2006. Actualmente, logopeda na “Unidad de Terapias Funcionales del Hospital Infantil Universitario Niño Jesús” de Madrid e colaboradora co “Centro Crea. Primera Infancia” de Madrid. Formación específica na atención dos trastornos de alimentación na primeira infancia. Experiencia docente, comunicacións e publicacións sobre este tema.

BEATRIZ SANZ HERRERO

Psicóloga Clínica Especialista. Psicólogo Clínico Adxunto do Servizo de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica do “Hospital Infantil universitario Niño Jesús” de Madrid desde Novembro de 2006 ata Febreiro 2020. Nos últimos anos especificamente na atención á Clínica da Primeira Infancia. Membro da “Unidad de Trastornos de la Conducta de Alimentación del Niño Pequeño del Hospital Universitario Niño Jesús” durante 12 anos. Experiencia docente en Cursos relacionados coa atención á Primeira Infancia. Comunicacións en Congresos e publicacións entre as que destacan varios artigos sobre “Los problemas de alimentación en el niño pequeño y La enfermedad en el niño”. Membro da Sociedad Española de Psiquiatría y Psicoterapia del Niño y del Adolescente (SEYPNA).

DATA E LUGAR:

12 de FEBREIRO de 2022

Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Rúa Madrid s/n,
Santiago de Compostela

PROGRAMA:

09:00-09:15	Inauguración do Curso	
09:15-10:00	A ALIMENTACIÓN NA PRIMEIRA INFANCIA Alimentación e desenvolvemento nas crianzas Funcións do pediatra: Historia clínica e indicadores de risco.	Dra. Consuelo Pedrón Giner
10:00-10:45	Valoración e tratamento dos trastornos de alimentación. Intervención do Logopeda.	Dña. Francisca González González
10:45-11:30	A alimentación no desenvolvemento emocional das crianzas. Historia psicoevolutiva e papel do psicólogo clínico.	Dra. Beatriz Sanz Herrero
DESCANSO		
12:30-13:30	Tratamento Multidisciplinar. Reflexións a partir de Casos Clínicos	Dña. Francisca González González Dra. Consuelo Pedrón Giner Dra. Beatriz Sanz Herrero
13:30-14:00	Criterios diagnósticos dos trastornos de alimentación nas crianzas.	Dra. Consuelo Pedrón Giner
COMIDA		
15:30-16:00	Aportacións da Logopeda en áreas específicas: <ul style="list-style-type: none">○ Lactantes○ Pacientes con soporte artificial	D.ª Francisca González González
16:00-16:30	Traballo con familias e Consulta Terapéutica	Dra. Beatriz Sanz Herrero
16:30-18:30	Casos Clínicos	Dra. Consuelo Pedrón Giner D.ª Francisca González González Dra. Beatriz Sanz Herrero

DESTINATARIOS:

Profesionais da atención temperá e do ámbito sanitario, educativo e social de 0-6 anos

PRAZAS:

Limitadas. Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición e pagamento.

COTAS:

Ata o día 1 de FEBREIRO de 2022 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 75 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 100 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 95 €

Ata o día 9 de FEBREIRO de 2022 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 95 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 120 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 115 €

INSCRICIÓN

- Entrar en “Contacto” na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos persoais, profesión e lugar de traballo
- No apartado “email” poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarvos notificacións.
- Na ringleira de “asunto” escribir “Inscrición Curso Actualización Alimentación”
- Finalmente premer (pinchar) no botón “Enviar”.
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de “AGAT Formación” (formacion@atenciontemprana.com) confirmaravos a recepción da vosa solicitude e informaravos de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **ES07 2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de “AGAT Formación” **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

Condicións de uso, pago, cancelación e devolución dos cursos

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada. En caso de cancelación da inscrición esta será devolta na súa totalidade se se realiza 30 días antes do inicio do curso cunha penalización de 5 euros por gastos de xestión e administrativos. Non se realizará ningún reembolso se a cancelación realizase nos últimos 30 días. En caso de suspensión do curso ou modificación de datas, outorgarase un reembolso completo ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características.

Anulación ou modificación de cursos por parte do Organizador

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características ou diferente prezo devolvendo a diferenza se o prezo é inferior ou solicitando a diferenza se o prezo é superior.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tfno. 698 124 611

